Non obstante, é necesario engadir que, en canto á diferencia entre “moción” e “rogo”, **a cualificación de un e outro corresponde ó Alcalde como Presidente e director do desenvolvemento da sesión, segundo os artigos 21.1 c) da LRBRRL, art. 24.a do TRRL e art. 41.4 do ROF**. Neste mesmo senso, se pronuncian as STS do 16 de decembro de 1986, e 14 de setembro de 2001, ao concluír que corresponde ao Alcalde a fixación da orde do día, podendo denegar a inclusión das propostas de resolución invocando razóns de legalidade, entre outras, por non ser o Pleno o órgano municipal competente para a adopción do acordo.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

Polo que, un grupo ou grupos municipais pode/n expoñer unha proposta de resolución na que se inicien expedientes administrativos competencia de pleno e unha vez concluído o mesmo poden facer valer o sentido do seu voto ou modificar un determinado acordo, pero non obviar mediante dita técnica a debida tramitación do pertinente expediente administrativo. Quere isto dicir que a oposición pode ostentar a potestade para tramitar expedientes administrativos, pero iso depende de varios factores:

- Poden modificar expedientes que van a Pleno, concluídos, que se debaten no Pleno, por medio de emendas (artigo 97 ROF), sempre e cando a dita emenda non vaia en contra das previsións dos informes técnicos obrantes e sexa preciso outro informe.

- Mediante mocións nun Pleno ordinario (ou mediante a convocatoria dun Pleno extraordinario segundo o artigo 46 LBRL se a moción non enerva a atribución doutro órgano e se o expediente está concluído aos efectos do ROF (é dicir, que consten os debidos informes para poder pronunciarse ao respecto, xa que, por exemplo, un grupo municipal non pode pretender aprobar vía moción o Plan Xeral municipal sen que consten os correspondentes informes).

IV

En canto ás competencias de alcaldía e ás de pleno e xunta de goberno local.

A distribución de competencias entre Pleno e Alcaldía establécense, basicamente, nos artigos 21 e 22 da LBRL, sen prexuízo da atribución de competencias que se produza por normativa sectorial:

“Artículo 21

1. El Alcalde es el Presidente de la Corporación y ostenta las siguientes atribuciones:

a) Dirigir el gobierno y la administración municipal.

b) Representar al ayuntamiento.

c) Convocar y presidir las sesiones del Pleno, salvo los supuestos previstos en esta ley y en la legislación electoral general, de la Junta de Gobierno Local, y de cualesquiera otros órganos municipales cuando así se establezca en disposición legal o reglamentaria, y decidir los empates con voto de calidad.

d) Dirigir, inspeccionar e impulsar los servicios y obras municipales.

e) Dictar bandos.

f) El desarrollo de la gestión económica de acuerdo con el Presupuesto aprobado, disponer gastos dentro de los límites de su competencia, concertar operaciones de crédito, con exclusión de las contempladas en el [artículo 158.5 de la Ley 39/1988](#), de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, siempre que aquéllas estén previstas en el Presupuesto y su importe acumulado dentro de cada ejercicio económico no supere el 10 por ciento de sus recursos ordinarios, salvo las de tesorería que le corresponderán cuando el importe acumulado de las operaciones vivas en cada momento no supere el 15 por ciento de los ingresos corrientes liquidados en el ejercicio anterior, ordenar pagos y rendir cuentas; todo ello de conformidad con lo dispuesto en la [Ley Reguladora de las Haciendas Locales](#).

La referencia debe entenderse hecha al artículo 177.5 del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales.g) Aprobar la oferta de empleo público de acuerdo con el Presupuesto y la plantilla aprobados por el Pleno, aprobar las bases de las pruebas para la selección del personal y para los concursos de provisión de puestos de trabajo y distribuir las retribuciones complementarias que no sean fijas y periódicas.

h) Desempeñar la jefatura superior de todo el personal, y acordar su nombramiento y sanciones, incluida la separación del servicio de los funcionarios de la Corporación y el despido del personal laboral, dando cuenta al Pleno, en estos dos últimos casos, en la primera sesión que celebre. Esta atribución se entenderá sin perjuicio de lo dispuesto en los artículos 99.1 y 3 de esta ley.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

i) Ejercer la jefatura de la Policía Municipal.

j) Las aprobaciones de los instrumentos de planeamiento de desarrollo del planeamiento general no expresamente atribuidas al Pleno, así como la de los instrumentos de gestión urbanística y de los proyectos de urbanización.

k) El ejercicio de las acciones judiciales y administrativas y la defensa del ayuntamiento en las materias de su competencia, incluso cuando las hubiere delegado en otro órgano, y, en caso de urgencia, en materias de la competencia del Pleno, en este supuesto dando cuenta al mismo en la primera sesión que celebre para su ratificación.

l) La iniciativa para proponer al Pleno la declaración de lesividad en materias de la competencia de la Alcaldía.

m) Adoptar personalmente, y bajo su responsabilidad, en caso de catástrofe o de infortunios públicos o grave riesgo de los mismos, las medidas necesarias y adecuadas dando cuenta inmediata al Pleno.

n) Sancionar las faltas de desobediencia a su autoridad o por infracción de las ordenanzas municipales, salvo en los casos en que tal facultad esté atribuida a otros órganos.

ñ)...

Letra ñ) del número 1 del artículo 21 derogada por la letra b) de la disposición derogatoria única de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público («B.O.E.» 31 octubre). Vigencia: 30 abril 2008

o) La aprobación de los proyectos de obras y de servicios cuando sea competente para su contratación o concesión y estén previstos en el presupuesto.

p)...

Letra p) del número 1 del artículo 21 derogada por la letra b) de la disposición derogatoria única de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público («B.O.E.» 31 octubre). Vigencia: 30 abril 2008

q) El otorgamiento de las licencias, salvo que las leyes sectoriales lo atribuyan expresamente al Pleno o a la Junta de Gobierno Local.

r) Ordenar la publicación, ejecución y hacer cumplir los acuerdos del Ayuntamiento.

s) Las demás que expresamente le atribuyan la leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no atribuyan a otros órganos municipales.

2. Corresponde asimismo al Alcalde el nombramiento de los Tenientes de Alcalde.

3. El Alcalde puede delegar el ejercicio de sus atribuciones, salvo las de convocar y presidir las sesiones del Pleno y de la Junta de Gobierno Local, decidir los empates con el voto de calidad, la concertación de operaciones de crédito, la jefatura superior de todo el personal, la separación del servicio de los funcionarios y el despido del personal laboral, y las enunciadas en los párrafos a), e), j), k), l) y m) del apartado 1 de este artículo. No obstante, podrá delegar en la Junta de Gobierno Local el ejercicio de las atribuciones contempladas en el párrafo j)”.
Artículo 22

1. El Pleno, integrado por todos los Concejales, es presidido por el Alcalde.

2.

Corresponden, en todo caso, al Pleno municipal en los Ayuntamientos, y a la Asamblea vecinal en el régimen de Concejo Abierto, las siguientes atribuciones:**a)** El control y la fiscalización de los órganos de gobierno.

b) Los acuerdos relativos a la participación en organizaciones supramunicipales; alteración del término municipal; creación o supresión de municipios y de las entidades a que se refiere el artículo 45; creación de órganos desconcentrados; alteración de la capitalidad del municipio y el cambio de nombre de éste o de aquellas entidades y la adopción o modificación de su bandera, enseña o escudo.

c)

La aprobación inicial del planeamiento general y la aprobación que ponga fin a la tramitación municipal de los planes y demás instrumentos de ordenación previstos en la



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

legislación urbanística, así como los convenios que tengan por objeto la alteración de cualesquiera de dichos instrumentosd) La aprobación del reglamento orgánico y de las ordenanzas.

e) La determinación de los recursos propios de carácter tributario; la aprobación y modificación de los presupuestos, y la disposición de gastos en materia de su competencia y la aprobación de las cuentas; todo ello de acuerdo con lo dispuesto en la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

f) La aprobación de las formas de gestión de los servicios y de los expedientes de municipalización.

g) La aceptación de la delegación de competencias hecha por otras Administraciones públicas.

h) El planteamiento de conflictos de competencias a otras entidades locales y demás Administraciones públicas.

i) La aprobación de la plantilla de personal y de la relación de puestos de trabajo, la fijación de la cuantía de las retribuciones complementarias fijas y periódicas de los funcionarios y el número y régimen del personal eventual.

j) El ejercicio de acciones judiciales y administrativas y la defensa de la corporación en materias de competencia plenaria.

k) La declaración de lesividad de los actos del Ayuntamiento.

l) La alteración de la calificación jurídica de los bienes de dominio público.

m) La concertación de las operaciones de crédito cuya cuantía acumulada, dentro de cada ejercicio económico, exceda del 10 por ciento de los recursos ordinarios del Presupuesto --salvo las de tesorería, que le corresponderán cuando el importe acumulado de las operaciones vivas en cada momento supere el 15 por ciento de los ingresos corrientes liquidados en el ejercicio anterior-- todo ello de conformidad con lo dispuesto en la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

n)...

Letra n) del número 2 del artículo 22 derogada por la letra b) de la disposición derogatoria única de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público («B.O.E.» 31 octubre). Vigencia: 30 abril 2008

ñ) La aprobación de los proyectos de obras y servicios cuando sea competente para su contratación o concesión, y cuando aún no estén previstos en los presupuestos.

o)...

Letra o) del número 2 del artículo 22 derogada por la letra b) de la disposición derogatoria única de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público («B.O.E.» 31 octubre). Vigencia: 30 abril 2008

p) Aquellas otras que deban corresponder al Pleno por exigir su aprobación una mayoría especial.

q) Las demás que expresamente le confieran las leyes.

3. Corresponde, igualmente, al Pleno la votación sobre la moción de censura al Alcalde y sobre la cuestión de confianza planteada por el mismo, que serán públicas y se realizarán mediante llamamiento nominal en todo caso, y se rigen por lo dispuesto en la legislación electoral general.

4. El Pleno puede delegar el ejercicio de sus atribuciones en el Alcalde y en la Junta de Gobierno Local, salvo las enunciadas en el apartado 2, párrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) y p), y en el apartado 3 de este artículo”.

Polo que, as materias obxecto dunha moción deberán ser encadradas dentro das competencias sinaladas no art. 22 ou doutra normativa sectorial.

CUARTO.- Conclusiones.

De canto antecede cabe concluír que as mocións que se sometan a coñecemento do pleno han de ser no marco das competencias asignadas legalmente a este, e senón deben ser tratadas como un rogo dirixido ao órgano que teña atribuída a competencia dentro da Corporación”



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

II

Con data 30.05.2024 introduciuse unha moción no pleno sobre defensa dos Dereitos Humanos e contra a guerra e invasión de Israel en Palestina, que a pesar das advertencias legais tramitouse polo alcalde obviando as mesmas.

III

Escrito de moción sobre o transporte, presentada por Emilio Mosquera Graña co fin da súa inclusión na sesión plenaria ordinaria de hoxe.

SEGUNDO.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/85, de 2 de abril, do Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais. (ROF).
- Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.
- RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Consideracións Xurídicas.

I

En canto ao contida moción presentada polo Grupo Mixto.

Remítome no non analizado neste informe ao xa exposto no informe xurídico do 23.06.2020 e transcrito nos antecedentes de feito I deste informe.

A primeira cuestión que procede dilucidar é o órgano competente para a adopción dos acordos contemplados no escrito:

Proponse a adopción do seguinte acordo:

“- Solicitar unha reunión do noso goberno municipal cos responsables de transporte da Xunta de Galicia para analizar melloras nas liñas de autobús que atenden ao noso concello.

- Solicitar que non se baixen prestacións e servizos do transporte público do noso concello. Que non diminúan frecuencias de autobuses en ningún tramo horario, e incluso que se amplíen nas primeiras e últimas horas da xornada, e nos horarios con maior demanda.

- Se consegue que o trasbordo supoña unha mellora nas frecuencias horarias, que se solicite e faciliten medios e infraestruturas para facer mais cómodo o trasbordo aos usuarios e usuarias desas liñas de bus.

- Solicitar unha mellora nas aplicacións de móbil de horarios de autobuses públicos (en tempo real), e mellorar a información pública de liñas, horarios e paradas”.

O primeiro punto da moción debe tramitarse como un rogo por pretender obrigar ao alcalde como “goberno municipal” a reunirse, xa que pode instarse a iso pero non obrigarse. No caso de que se pretenda que sexa o alcalde en representación da vontade do pleno, que é diferente ao anterior, podería adoptarse o acordo de pedir a reunión en representación do concello pleno e como asuntos a tratar os que se reflicten nos apartado 2 a 4, refundíndoos.

O transporte colectivo non é unha competencia municipal, ni tan sequera o colectivo urbano por ter menos de 50.000 habitantes, olo que fora do reseñado o Concello non pode adoptar acordos fóra do seu ámbito de competencias.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

II

En canto á delimitación e tramitación dunha moción na lexislación e xurisprudencia.

No informe xurídico do 23.06.2020 analízanse numerosas sentenzas sobre a materia, que son abundantes.

Non obstante con posterioridade á emisión do mesmo a STS do 17.06.2020 resolveu en casación sobre as seguintes cuestións:

"a) Si cabe anular un acuerdo del Pleno de un Ayuntamiento consistente en una declaración de naturaleza política sobre un tema que, aun siendo considerado por la mayoría de los Concejales de interés para el conjunto de los vecinos, no está dentro de las competencias municipales.

b) Si, a estos efectos, puede ser relevante el contenido o la finalidad de dicha declaración política.

c) Siempre en este orden de consideraciones, si es relevante que la declaración política agote su eficacia en el hecho mismo de hacerla, sin pretender surtir otro tipo de efectos".

Sobre a autonomía municipal a dita sentenza sinala, recopilando a doutrina emanada, o seguinte:

"Los municipios, provincias y Comunidades Autónomas son entidades territoriales, fundamentales del principio democrático y políticamente representativas de los intereses de los grupos humanos asentados en ellas. Conforme al artículo 137 de la CE todas estas entidades gozan de autonomía para la gestión de sus respectivos intereses. Si se atiende al artículo 2 de la Carta Europea de Autonomía Local (en adelante CEAL) de 15 de octubre de 1985 (BOE de 24 de febrero de 1989) el principio de autonomía local está reconocido en España tanto en la Constitución como en la legislación que la desarrolla y además protegido jurisdiccionalmente conforme a las exigencias del artículo 11 de la CEAL.

Es conocida, y casi de cita innecesaria, la jurisprudencia de esta Sala que precisa que el artículo 137 de la Constitución delimita el ámbito de autonomía de los distintos entes territoriales en que se vertebraría territorialmente el Estado, circunscribiéndolo a la gestión de sus intereses respectivos. La jurisprudencia ha utilizado reiteradamente el criterio del interés respectivo (que también acoge el Tribunal Constitucional desde la sentencia 4/1981, de 2 febrero) para una definición positiva y negativa de la autonomía, afirmando que -positivamente- la autonomía significa un derecho de la comunidad local de que se trate a la participación, a través de órganos propios, en el gobierno y administración de cuantos asuntos le atañen, graduándose la intensidad de esta participación en función de la relación entre intereses locales y supralocales dentro de las materias o asuntos de que se trate y -negativamente- que la autonomía no se garantiza por nuestra Norma Fundamental para incidir de forma negativa sobre los intereses generales, que prevalecen en caso de conflicto sobre los intereses locales o sobre otros intereses generales distintos de los propios de la entidad local de que se trate [por todas sentencias de 31 de diciembre de 2001 (Rec. 43/2000) y las que en ella se citan].

A este marco cabe añadir lo que supone hoy, en lo que afecta a las competencias locales, la normativa del Consejo de Europa o de la misma Unión Europea sobre actividades transfronterizas de cooperación (Convenio Marco Europeo sobre cooperación transfronteriza de 11 de mayo de 1980 (BOE de 16 de octubre de 1990) o Reglamento UE 1302/2013, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 17 de diciembre, por el que se modifica el Reglamento 1082/2006 sobre la Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT).

Pues bien, ni en la legislación básica del Estado ni en los artículos 151 y 160 del Estatuto de Autonomía de Cataluña (Ley orgánica 6/2006, de 19 de julio) o en la legislación de desarrollo existe elemento alguno que permita colegir que la petición que formula el acuerdo municipal impugnado afecte al ámbito del interés municipal o al de las relaciones entre el municipio y la Generalitat de Cataluña. Y, como ha sintetizado en forma reciente el Tribunal Constitucional, "el legislador [...] debe asegurar que el grado de capacidad decisoria que conserve el municipio sea tendencialmente correlativo al nivel de interés municipal presente en el asunto de que se trate" (STC 111/2016, de 9 de junio , FJ 12).

(...) La misma respuesta negativa resulta de la regulación legal de las competencias municipales. La Constitución no precisa las competencias que corresponden a los entes locales y, en consonancia con la estructura territorial compuesta del Estado que establece en su art. 137 , encomienda la regulación y la asignación de las competencias locales al Estado y a las Comunidades Autónomas, con el respeto obligado a



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

la autonomía local, que garantizan los arts. 137 , 140 y 141 CE (por todas, STC 41/2016, de 3 de marzo , FJ 9 y STC 143/2013, de 11 de julio , FJ 3).

Si se atiende al artículo 25.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local , es ostensible la falta de competencia municipal para dictar el acuerdo impugnado porque no existe entre las competencias municipales, ninguna atribución que consienta a un municipio terciar en aspectos de evidente trascendencia constitucional, que afecten a la titularidad de la soberanía, a la petición de una fragmentación del Estado, ni a trastocar, o pedir que se trastoque, la organización territorial básica del Estado mismo.

No puede contradecir esta afirmación la referencia que hace el contrarrecurso del Ayuntamiento al artículo 46.2 e) de la LBRL porque las mociones a que se refiere son un mecanismo de control por el Pleno de la Corporación de los demás órganos de la misma, pero no una cláusula que permita al ente local efectuar en forma innominada declaraciones totalmente desvinculadas del ámbito de las competencias municipales.

(...) Lo expuesto determina que proceda dar lugar a la casación y anular la sentencia dictada en apelación por la Sala territorial de Cataluña.

Lo impugnado en el caso es un acto administrativo que, con independencia de su contenido político, sus efectos y su finalidad es, en forma evidente, susceptible de control judicial y ha de ser valorado en su conjunto. De esa valoración resulta en forma evidente que el acuerdo incurre en un vicio patente de falta de competencia que debe determinar su nulidad de pleno Derecho, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 62.1 b) de la LRJPAC aplicable al mismo”.

Para finalmente sentar que:

“Una Administración Pública no se puede manifestar en una materia de la trascendencia de la que aborda el acuerdo recurrido asumiendo una posición de parte e identificando con ella a la Corporación misma, mucho menos sin manifestar que la misma no se adopta con el acuerdo unánime de los miembros de la Corporación, que en este caso no ha existido.

No es preciso dictar, en lugar de la que hemos anulado, una nueva sentencia. La anulación de la apelada debe determinar, y así lo declaramos, la vigencia de la sentencia 95/2014 del Juzgado número 13 de Barcelona , recaída en el proceso 191/2013 que es confirmada por esta Sala en sus mismos y atinados razonamientos, de los que nos hemos hecho eco en el extracto de antecedentes de esta sentencia.

(...) Podemos dar respuesta a las tres cuestiones que plantea el auto de admisión. En cuanto a la primera es procedente **anular un acuerdo del Pleno de un Ayuntamiento que consista en una declaración de naturaleza política, siempre que la misma se encuentre al margen de las cuestiones de interés municipal y de las competencias que corresponden a la entidad local**, de acuerdo con la Constitución y el marco normativo que le sea aplicable. A estos efectos carece de relevancia la doctrina del FJ 2 de la STC 42/2014 .

En cuanto a la segunda cuestión, el contenido de la declaración y su finalidad ha de respetar en todo caso el **principio de vinculación positiva a la Constitución y el resto del ordenamiento jurídico vigente en nuestro Derecho cualquiera que sea el contenido o finalidad de esa declaración y en cuanto a la tercera carece de relevancia que la declaración agote, o no, sus efectos en el hecho de la propia declaración”.**

Polo tanto, a adopción de acuerdos fóra das competencias municipais constitúen un suposto de nulidade de pleno dereito.

CUARTO.- Conclusiones.

De canto antecede cabe concluír que as mocións que se sometan a coñecemento do pleno han de ser no marco das competencias asignadas legalmente a este, e senón deben ser tratadas como un rogo dirixido ao órgano que teña atribuída a competencia dentro da Corporación.

E este é o meu informe que someto en todo caso a calquera outro mellor fundado en Dereito”.

Única.- Moción sobre a solicitude de melloras nas liñas de autobús do transporte público.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) di que recibiu un correo co informe de secretaría con reparos cando esta estaba desplazándose para o pleno e que “por un momento pensei que estábamos nunha tecnocracia e tamén pensei que igual que se hai que tomar decisións de alcalde a xente se presente ás eleccións, refírome aos funcionarios, porque esta moción ten contido meramente político e propiamente político, se isto non é política non sei o que é política”. Xustifica a forma e a urxencia da moción, presentada por el como concelleiro do BNG (integrado no grupo municipal mixto, GM).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Logo o sr. Graña Mosquera expón e dá lectura á moción, a que a continuación reproducéase literalmente:

«D. EMILIO GRAÑA MOSQUERA, CONCELLEIRO DO BNG DO CONCELLO DE SADA, AO ABEIRO DA LEXISLACIÓN VIXENTE, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E SE PROCEDE, APROBACIÓN DA SEGUINTE MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público no noso concello é moi mellorable. As frecuencias, a puntualidade, a saturación de paxaseiros nos autobuses son problemas a enmendar se queremos disfrutar dun transporte público, medioambientalmente sostible e que mellore a nosa calidade de vida. Noutras mocións anteriores, o BNG ten defendido melloras na accesibilidade, nos horarios e liñas que atenden o noso termo municipal.

Este 22 de Xuño a Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia anunciou a posta en marcha de modificacións nas liñas de transporte público de autobús que comunican Carnoedo e Veigue.

Púxose en marcha un bus lanzadera entre Lorbé e Sada para comunicar esta zona costeira do noso concello. Esta proposta podería mellorar as frecuencias dunhas liñas que atenden a zona norte do concello, onde viven en torno a 1500 veciños e veciñas. Pero a realidade non está sendo moi positiva. De entrada quitaronse dous horarios de mañá que comunican Sada cara a Lorbé e a veciñanza está moi descontenta co cambio. Incluso estanse a recoller firmas contra a modificación.

O feito de ter que facer un trasbordo en A Valexa tamén que podería favorecer un aumento de frecuencias, está resultando unha incomodidade que non aporta nada positivo: tempos de espera de máis de 20 minutos e un lugar inadecuado para facer o cambio de vehículo. A engadir a desaparición de certas paradas (Indicador, antes de Taibo) e traxectos cara ao Porto en Sada.

A todo isto sumarille a total desinformación cara aos usuarios e usuarias. O día antes puxeron uns carteliños dentro dos autobuses, e colgaron na web de ALSA e agora nas paradas, un cronograma de difícil accesibilidade visual e comprensión.

ANTE TODO ESTO O PLENO DO CONCELLO DE SADA

ACORDA

-SOLICITAR unha reunión do noso goberno Municipal cos responsables de transporte da Xunta de Galicia para analizar melloras nas liñas de autobús que atenden ao noso concello.

-SOLICITAR que non se baixen prestacións e servizos do transporte público do noso concello. Que non diminúan frecuencias de autobuses en ningún tramo horario, e incluso que se amplíen nas primeiras e últimas horas da xornada, e nos horarios con maior demanda.

-Se CONSIGUE que o trasbordo supoña unha mellora nas frecuencias horarias, que se SOLICITE e faciliten medios e infraestruturas para facer máis cómodo o trasbordo aos usuarios e usuarias desas liñas de bus.

-SOLICITAR unha mellora nas aplicacións de móbil de horarios de autobuses públicos (en tempo real), e mellorar a información pública de liñas, horarios e paradas».

Seguidamente, a sra. Salorio Porral (UPSA) expón unha emenda que teñen a esta moción, consistente en que se lle engada o seguinte punto:

«SOLICITAR tamén que o autobús que pasa polo centro de saúde e segue por Sada de Arriba e Pazos pare no lugar de Pazos, onde non hai ningunha parada pero si espazo para situala, inclusive coa colocación dunha marquesiña».

Continúa o debate coas intervencións do presidente, sr. Portela Fernández (SM); da sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); da sra. Arias Ferreiro (PP); efectúa aclaracións a secretaria; do sr. Graña Mosquera (GM-BNG); máis aclaracións da secretaria; do sr. Villar López (SM) e novamente do presidente.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

A secretaria sinala que o informe que se realizou é a reprodución dun que se fixo no 2020, engadíndose a xurisprudencia do TS dende esa data e doutros tribunais e as sentenzas deses órganos non son tecnocracia, son sentenzas que anulan acordos adoptados sen competencias en distintos órganos administrativos, que hai que distinguir a separación de poderes e o marco normativo delimitado por ditas sentenzas que comporta o poder xudicial.

Prosegue o concelleiro do GM sinalando que segundo o ROM no art 64.3 pode.

A secretaria di que o ROM non pode contravir normativa superior.

A continuación o sr. Graña dá lectura ao texto que se ha someter a votación, que se reproduce:

«INSTAR ao noso goberno Municipal a unha reunión cos responsables de transporte da Xunta de Galicia para analizar as melloras nas liñas de autobús que atenden ao noso concello, cos seguintes puntos:

- 1.- SOLICITAR que non se baixen as prestacións de servizos do transporte público do noso concello. Que non diminúan frecuencias de autobuses en ningún tramo horario, e incluso que se amplíen nas primeiras e últimas horas da xornada, e nos horarios con maior demanda.
- 2.- Se se CONSIGUE que o transbordo supoña unha mellora nas frecuencias horarias, que se SOLICITE que se faciliten medios e infraestruturas para facer máis cómodo o transbordo aos usuarios e usuarias destas liñas de bus.
- 3.- SOLICITAR melloras nas aplicacións de móbil de horarios de autobuses públicos (en tempo real), e mellorar a información pública de liñas, horarios e paradas.
- 4.- SOLICITAR tamén que o autobús que pasa polo centro de saúde e segue por Sada de Arriba e Pazos pare no lugar de Pazos, onde non hai ningunha parada pero si espazo para situala, inclusive coa colocación dunha marquesiña».

A continuación, procédese á votación do dito texto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

INSTAR ao noso goberno Municipal a unha reunión cos responsables de transporte da Xunta de Galicia para analizar as melloras nas liñas de autobús que atenden ao noso concello, cos seguintes puntos:

- 1.- SOLICITAR que non se baixen as prestacións de servizos do transporte público do noso concello. Que non diminúan frecuencias de autobuses en ningún tramo horario, e incluso que se amplíen nas primeiras e últimas horas da xornada, e nos horarios con maior demanda.
- 2.- Se se CONSIGUE que o transbordo supoña unha mellora nas frecuencias horarias, que se SOLICITE que se faciliten medios e infraestruturas para facer máis cómodo o transbordo aos usuarios e usuarias destas liñas de bus.
- 3.- SOLICITAR melloras nas aplicacións de móbil de horarios de autobuses públicos (en tempo real), e mellorar a información pública de liñas, horarios e paradas.
- 4.- SOLICITAR tamén que o autobús que pasa polo centro de saúde e segue por Sada de Arriba e Pazos pare no lugar de Pazos, onde non hai ningunha parada pero si espazo para situala, inclusive coa colocación dunha marquesiña.

C. Rogos e preguntas.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) formula a seguinte pregunta:

1ª.- Pregunta polo estado ou situación do edificio emblemático de La Terraza, tanto no que atinxe ao solo onde está situado como ao propio edificio.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

O sr. Graña fai tamén os seguintes rogos:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

1º.- Roga, en conexión coa pregunta anterior, que o concello solucione a parte que lle toca no que atinxe a La Terraza volvendo traer o asunto ao Pleno.

2º.- Roga que se atenda máis o que é a limpeza, dicindo que nos contedores de diante do pazo de Meirás non se pode levar o vidro a reciclar e que segue a haber lixo na zona dos montes entre Taibó, A Ameixeiral e Mondego.

O sr. Graña formula tamén esta outra pregunta:

2ª.- Pregunta como é que vai o campo de Carnoedo, se se ha comezar xa.

Contesta a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) roga que non se fagan obras absurdas, referíndose á parada do autobús onde as casas dos mariñeiros.

Fai un comentario para os efectos o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Pena formula tamén as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta cando se ha retirar o material sobranse e utilizado hai seis meses nunhas obras da rede de sumidoiros que se atopa na estrada que vai á redonda da vía Ártabra, no lugar de Castelo, onde está a que se coñece como *finca del coronel*.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de Obras e Servizos e Medio Ambiente.

2ª.- Pregunta se se lle pode aclarar se houbo negociacións co concello de Oleiros para unificar o SEM (Servizo de emerxencias Municipal).

Contesta a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal.

A sra. Arias Ferreiro (PP), expón os seguintes rogos:

1º.- Roga, en relación coa pregunta sobre La Terraza do sr. Graña, que se convoque a Comisión Informativa de Urbanismo para tratar todo o relacionado coa mellora de La Terraza e outros temas de calado municipal.

2º.- Roga que se acometa a modificación puntual do PXOM para acondicionar todos os terreos de influencia de La Terraza segundo a Lei e a regulación como BIC.

A sra. Arias formula tamén as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta que para cando se vai poder contar co servizo CIM (Centro de Información ás Mulleres), para a atención tamén da diversidade LGTBI+, do que se aprobara polo Pleno iniciar o correspondente expediente de solicitude (sesión ordinaria do 26/10/2023) e que foi incluído no orzamento.

2ª.- Pregunta con relación o accidente laboral duns días atrás sufrido por un operario se hai un seguimento, se se comproba ou non se lles dá formación previa en prevención de riscos laborais.

Contestan o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de Obras e Servizos e Medio Ambiente e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

3ª.- Pregunta, con referencia o Festival Touliña Pop, polo criterio para seguir a contratar á mesma empresa, que xa teñen denunciado que fai mal o seu traballo, para elaborar a memoria técnica e o plan de emerxencia e non sacar este servizo tan necesario e recorrente durante anos a licitación pública.

Contesta o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística; intervén de novo a sra. Arias.

4ª.- Pregunta se se lles ofreceu os veciños de Fontán transformar o solo con prazas de estacionamento que hai diante da urbanización das casas dos mariñeiros, polo que actualmente estase a pagar un vao porque indica que pertence á dita urbanización, nunha zona de estacionamento para residentes.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

A sra. Val Armesto (PP), pregunta se hai algunha razón para que as pistas que hai na casa do pobo en Soñeiro funcionen moitas veces como un *parking*.

Contesta a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal.

A sra. Val tamén expón os seguintes rogos:

1º.- Roga, con respecto da veciñanza de Veigue, que se procure algunha solución con respecto da turbidez e da escaseza da auga cando chega esta época do ano, que di que é recorrente.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), dá unha explicación para os efectos.

2º.- Roga que se programen as festas, feiras e eventos con tempo, para que non pase como coa Festa do Carme, en que di que houbo sectores os que non lles gostou nada a data.

Dáse unha explicación por parte do sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística; intervén de novo a sra. Val.

O sr. Lonja Tajés (PP) efectúa os seguintes rogos:

1º.- Logo de se referir ao inicio as obras na avenida do Párroco Villanueva, roga que se reorganice o tráfico de vehículos na zona de Riovao.

2º.- Roga que se traslade un arbusto que di que dificulta a visibilidade aos condutores no stop da redonda do hotel, virando cara ao porto, con respecto dos vehículos que circulan no sentido de La Terraza para o porto.

Intervén o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, para dar explicacións sobre os dous rogos; intervén tamén o sr. Lonja.

O sr. España López (PP) pregunta, con respecto dos contratos, por que non están plantando os arbustos os operarios da empresa sub-contratada polo concello.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente; intervén tamén o sr. España.

A sra. Arias Ferreiro (PP) formula unha nova pregunta:

5ª.- Pregunta por que non se trouxo a esta sesión plenaria outro asunto que se incluíra na Comisión Informativa (cesión de dúas parcelas ó concello de Sada), para pedir a desafección dos terreos da zona de Fontán do *Pepecho* e os máis próximos á Escola de Sada y sus Contornos.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

O sr. García López (UPSA) pregunta se hai algún informe municipal ou externo que avale a colocación da marquesiña e parada de autobús diante das casas dos mariñeiros (en Fontán).

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

O sr. García López tamén roga con relación ás obras que se están a realizar en Fontán nas que ademais se produciron algúns danos pola maquinaria que se procure que se limpe un pouco máis arriba a grava, onde di que está sobre todo a acumulación.

A sra. Salorio Porral (UPSA) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Retoma unha pregunta da sesión anterior, con respecto do servizo de axuda a domicilio cantos usuarios hai atendidos e cantos en lista de agarda (en relación coas horas dispoñibles).

Contesta a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego.

2ª.- Pregunta sobre o bombeo do lugar de Lácere, polo que di que xa se interesaron mesmo no mandato anterior, para cando se ha resolver o problema da vertedura e instalación do bombeo nesa caseta.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente: Xosé Fernando Fariña Andrade.

3ª.- Pregunta se hai informe de Medio Ambiente para habilitar un aparcadoiro carón dun espazo protexido das Brañas, detrás do pavillón polideportivo, por importe de 200.000 euros e para acoller a 60 vehículos.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente: Xosé Fernando Fariña Andrade.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta ao sr. Fariña con relación ao recente accidente dun operario hai uns días se sabe se contaba ou non con formación en prevención de riscos laborais.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente: Xosé Fernando Fariña Andrade.

A sra. Nogareda refírese ao tratado con respecto da forma que deben ter as mocións, por un informe que vén de 2020, e outros aspectos, por alusións, entrando en debate cos sres. Graña Mosquera (GM-BNG) e Villar López (SM); tamén intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

2ª.- Pregunta, en relación á resolución do Consello Consultivo relativa á pista de patinaxe, que medidas se han tomar ao respecto do que nel se indica como non ben feito por parte do concello.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM); establécese un amplo debate entre eles.

A sra. Nogareda tamén roga ao sr. Portela, con alusión a unhas declaracións que recolleu a prensa hai uns días, relacionadas cunha causa xudicial que se segue por denuncia da sra. Nogareda e na que están implicadas dúas ex-concelleiras delegadas de seguridade cidadá, que non minta, afirmando que ela denunciou representando ao concello uns feitos logo de se lle ter asesorado xuridicamente para os efectos, pero non a persoas.

9.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO ORGULLO LGTBI+.

Logo de aclarar a secretaria o procedemento, o presidente, sr. Portela Fernández (SM), xustifica a urxencia de incluír este asunto na orde no día en que mañá é o día do Orgullo LGTBI+ e non procedería facela con posterioridade.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 IPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Logo o presidente, sr. Portela Fernández (SM), dá lectura á declaración proposta, a que a continuación reproducéase literalmente:

«O Concello de Sada manifesta o seu compromiso inquebrantable coa igualdade, a inclusión e os dereitos humanos. Cremos na importancia da visibilidade e o recoñecemento de todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero. É por iso que esta Corporación, no marco da celebración do Orgullo LGTBI+ deste ano, reivindica un país máis xusto, respectuoso, igualitario e libre facendo tamén noso o lema elixido para as mobilizacións deste ano: “Educación, dereitos e paz: Orgullo que transforma.”

A igualdade de dereitos non debe ser unha aspiración, senón unha realidade palpable no noso día a día. Neste sentido, é esencial continuar traballando en políticas que favorezan a integración e a visibilidade da diversidade sexual e de xénero en todos os ámbitos da sociedade, máis se cabe a nivel local. Así pois, dende o noso Concello reivindicamos a necesidade de fortalecer os dereitos das persoas LGTBI+, asegurando a súa protección efectiva fronte a calquera forma de discriminación.

Cómpre destacar que a nosa vila está adherida á campaña da Deputación de A Coruña: Liberdade de ser e sentir. Unha campaña na que se destaca que en Galicia os principios de liberdade e igualdade aparecen recollidos no Estatuto de autonomía, no seu artigo 4.2. Este recolle a obriga que corresponde aos poderes públicos de “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía galega na vida política, económica, cultural e social”.

Neste 2024 asociacións como ALAS A Coruña subliñan a importancia de volver aos principios fundamentais do Orgullo ante o avance dos discursos de odio cara aos grupos máis vulnerables. Discursos, normativas ou campañas que se promoven, nalgúns casos, dende as propias institucións impulsados formacións de extrema dereita e que non deberan ter cabida nunha sociedade libre e democrática. Son precisamente as institucións públicas as que, en primeiro lugar, deberían traballar para seguir acadando maiores espazos de liberdade e Dereitos para todas as persoas.

É por iso que hoxe, máis que nunca, o Concello de Sada quere ser un referente de compromiso coa comunidade LGTBI+, apoiando iniciativas e programas que promovan a igualdade e a liberdade afectivo sexual e de xénero. A nosa sociedade só poderá avanzar se todos e todas temos as mesmas oportunidades de vivir en liberdade e con dignidade.

Por outra banda, como en moitos outros aspectos da política, os símbolos importan. É por iso que dende esta semana ondea na fachada da Casa do Concello e no edificio da Axudantía a bandeira LGTBI+. Izamos con orgullo esta bandeira para manifestar o noso apoio á comunidade LGTBI+ e amosar o noso compromiso cun municipio aberto e inclusivo, onde toda a veciñanza se sinta respectada e valorada.

Xunt@s, construímos unha Sada máis diversa. Xunt@s, construímos unha Sada mellor».

A continuación, procédese á votación da dita declaración institucional, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a seguinte declaración institucional:

O Concello de Sada manifesta o seu compromiso inquebrantable coa igualdade, a inclusión e os dereitos humanos. Cremos na importancia da visibilidade e o recoñecemento de todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero. É por iso que esta Corporación, no marco da celebración do Orgullo LGTBI+ deste ano, reivindica un país máis xusto, respectuoso, igualitario e libre facendo tamén noso o lema elixido para as mobilizacións deste ano: “Educación, dereitos e paz: Orgullo que transforma.”

A igualdade de dereitos non debe ser unha aspiración, senón unha realidade palpable no noso día a día. Neste sentido, é esencial continuar traballando en políticas que favorezan a integración e a visibilidade da diversidade sexual e de xénero en todos os ámbitos da sociedade, máis se cabe a nivel local. Así pois, dende o noso Concello reivindicamos a necesidade de fortalecer os dereitos das persoas LGTBI+, asegurando a súa protección efectiva fronte a calquera forma de discriminación.

Cómpre destacar que a nosa vila está adherida á campaña da Deputación de A Coruña: Liberdade de ser e sentir. Unha campaña na que se destaca que en Galicia os principios de liberdade e igualdade aparecen recollidos no Estatuto de autonomía, no seu artigo 4.2. Este recolle a obriga que corresponde aos poderes públicos de “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía galega na vida política, económica, cultural e social”.

Neste 2024 asociacións como ALAS A Coruña subliñan a importancia de volver aos principios fundamentais do Orgullo ante o avance dos discursos de odio cara aos grupos máis vulnerables. Discursos, normativas ou campañas que se promoven, nalgúns casos, dende as propias institucións impulsados formacións de extrema dereita e que non deberan ter cabida nunha sociedade libre e democrática. Son precisamente as institucións públicas as que, en primeiro lugar, deberían traballar para seguir acadando maiores espazos de liberdade e Dereitos para todas as persoas.

É por iso que hoxe, máis que nunca, o Concello de Sada quere ser un referente de compromiso coa comunidade LGTBI+, apoiando iniciativas e programas que promovan a igualdade e a liberdade afectivo sexual e de xénero. A nosa sociedade só poderá avanzar se todos e todas temos as mesmas oportunidades de vivir en liberdade e con dignidade.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000010

Por outra banda, como en moitos outros aspectos da política, os símbolos importan. É por iso que dende esta semana ondea na fachada da Casa do Concello e no edificio da Axudantía a bandeira LGBTI+. Izamos con orgullo esta bandeira para manifestar o noso apoio á comunidade LGTBI+ e amosar o noso compromiso cun municipio aberto e inclusivo, onde toda a veciñanza se sinta respectada e valorada.

Xunt@s, construímos unha Sada máis diversa. Xunt@s, construímos unha Sada mellor.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 37 minutos do día xoves 27 de xuño do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.